| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Máquinas, ferramentas e utensilios utilizados na transformación do calzado ou complementos seguindo as normas de seguridade | • Método explicativo e material didáctico | • Utilizar as máquinas seleccionadas do taller<br>• Coñecer e aplicar as normas de seguridade e prevención de riscos cas máquinas do taller a empregar | • Acadar os coñecementos necesarios para identificaras máquinas, ferramentas e utensilios, saber manexalas e utilizalas observando as normas de seguridade.<br>• Mantemento de primeiro nivel | • Canón, aula virtual, ordenador, material didáctico, máquina de brazo, máquina de columna, máquina plana de triple arrastre, mesa de pasar o ferro, martelos, tenazas, agullas, tenazas de zapateiro, coitelas, etc | • TO.1 - Evidencias de coñecemento<br>• TO.2 - Evidencia de desempeño<br>• TO.3 - Evidencia de desempeño<br>• TO.6 - Evidencia de desempeño | 2,0 |
| Cálculo de materiais necesarios para unha transformación | • Método explicativo, aportación material didáctico | • Seleccionar materiais adecuados según o deseño<br>• Calcular aproveitamento de materiais para efectuar o traballo proposto<br>• Control de calidade dos materiais a empregar | • Traballo de escandallo dun zapato transformado | • Canón, aula virtual, ordenador, internet, calculadora, material didáctico, mostrario | • LC.8 - Evidencia de coñecemento | 2,0 |
| Deseño e fichas | • Método explicativo, material didáctico e modelos de fichas técnicas | • Investigar contexto histórico para adaptar ao modelo específico<br>• Realizar ficha técnica<br>• Interpretar ficha técnica<br>• Análizar e diseñar produto<br>• Identificar e seleccionar as técnicas para a elaboración do diseño | • Fichas técnicas personalizadas e rematadas | • Canón, aula virtual, ordenador, internet, lápis, regra, etc | • LC.4 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.5 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.6 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.11 - Evidencia do coñecemento<br>• TO.5 - Evidencia de desempeño | 2,0 |
| Obtención de padróns segundo o figurino | • Método explicativo, aportación de material didáctico | • Exercicio obtención de padróns según diseño<br>• Exercicio : realización de prototipo<br>• Exercicio práctico: realizar proba e rectificar se é necesario para obter os padróns definitivos | • Padrós realizados conforme ao deseño | • Canón, aula virtual, ordenador, regras, cúte, tesoiras, fita carrocero, cartón, lapis, formas, materiais, etc | • LC.12 - Evidencia do produto<br>• LC.13 - Evidencia de produto<br>• LC.15 - Evidencia do produto | 3,0 |
| O volume e a comodidade no calzado de espectáculo | • Método explicativo e aportación material didáctico | • Realizar un traballo de volume según os requisitos escénicos<br>• Control de calidade e especificacións determinadas pola función, comodidade<br>• Proba de produtos rematados (na medida do posible) canto á súa comodidade, e axustalos se fose necesario | • Realización dunha transformación/ elaboración calzado buscando o volume como concepto estético | • Canón, aula virtual, ordenador, Diferentes produtos , cuter, pel, sola, pegamento, etc | • LC.4 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.5 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.7 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.9 - Evidencia produto<br>• LC.15 - Evidencia do produto<br>• TO.5 - Evidencia de desempeño | 4,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Transformación do calzado adaptándoo ao figorino | • Método explicativo proceso | • Exercicio: Interpretación figurinos<br>• Exercicio práctico: realizar a transformación según deseño<br>• Proba escrita: secuenciar proceso elaboración/ transformación | • Calzado conforme a un figurino proposto | • Canón, aula virtual, ordenador, formas, figurinos, pel, tecido, pegamentso, cuter, coitelas, adornos, fitas, regras, fita métrica, pinturas, etc | • LC.1 - Evidencia de coñecemento<br>• LC.2 - Evidencia de desempeño<br>• LC.3 - Evidencia de desempeño<br>• LC.10 - Evidencia do produto<br>• TO.4 - Evidencia de desempeño | 7,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **20,0** |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Decoración de materiais base, aplicando técnicas pictóricas e avellentamento conforme ao figurín. | 14 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Relaciona os tipos de calzado e complementos para o espectáculo cos xéneros e coas disciplinas artísticas, en función das súas características e dos seus usos escénicos | NO |
| RA4 - Decora materiais base, aplicando técnicas de pintura e avellentamento para alcanzar os efectos indicados no figurino | SI |
| RA5 - Elabora os obxectos do figurino aplicando materiais non convencionais, para lograr os efectos deseñados | SI |

## 4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Identificar e clasificar os diferentes tipos de máquinas, ferramentas e materiais utilizados na decoración do calzado de espectáculo | 1 | Materiais, máquinas e equipamentos utilizados na decoración e elaboración de calzado e complementos de espectáculo | 2,0 |
| 2.1 Identificáronse diversas técnicas de pintura e avellentamento<br>2.2 Aplicáronse diversas técnicas de pintura e avellentamento | 2 | Técnicas de pintura e avellentamento, | 2,0 |
| 3.1 Aplicar diferentes técnicas, diversos materiais e produtos, etc | 3 | Deseño persoal. Experimentar con materiais ou diferentes efectos artísticos | 8,0 |
| 4.1 Identificar os posibles riscos dos produtos e traballar con seguridade<br>4.2 Identificar a correcta almacenaxe dos produtos.<br>4.3 Aplicar as medidas de seguridade nas técnicas de pintura e avellentamento | 4 | Normas de seguridade na manipulación de produtos de acabamentos | 2,0 |
| | | TOTAL | 14 |

## 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA2.5 Relacionouse a caracterización do calzado coa secuencia das representacións artísticas | • PE.1 - Evidencia de coñecemento | N | 5 |
| CA4.1 Analizouse o deseño ou figurino para organizar o plan de traballo | • PE.2 - Evidencia de coñecemento | S | 10 |
| CA4.2 Adaptáronse ou transformáronse deseños de debuxos para a súa aplicación en compoñentes | • LC.1 - Evidencia de produto | S | 10 |
| CA4.3 Obtivéronse padróns a partir da súa relación co debuxo do figurino ou da documentación achegada, segundo as formas do calzado ou dos complementos | • LC.2 - Evidencia de produto | S | 5 |
| CA4.4 Preparáronse máquinas, equipamentos, utensilios, produtos e materiais para pintar ou avellentar | • TO.1 - Evidencia de desempeño | S | 5 |
| CA4.5 Aplicáronse técnicas de pintura de acordo co seu uso dos produtos, co figurino e coas normas de seguridade e de protección persoal e ambiental | • TO.2 - Evidencia de desempeño | S | 10 |
| CA4.6 Avellentáronse materiais que conforman calzado ou complementos, adecuando o resultado ao figurino | • LC.3 - Evidencia do produto | S | 10 |
| CA4.7 Verificouse a calidade da pintura e do avellentamento realizado, comprobando os aspectos globais, a súa fidelidade ao modelo, a súa aparencia e a súa solidez, segundo os requisitos estéticos e de uso | • TO.3 - Evidencia de desempeño | N | 5 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA4.8 Aplicáronse as medidas de seguridade nas técnicas de pintura e avellentamento | • TO.4 - Evidencia de desempeño | S | 5 |
| CA5.1 Analizouse o deseño ou figurino para seleccionar materiais, produtos, utensilios e técnicas | • PE.3 - Evidencia de coñecemento | S | 5 |
| CA5.2 Aplicáronse colas, siliconas, lacas, ceras e outros materiais para conseguir os efectos marcados no figurino | • TO.5 - Evidencia de desempeño | S | 5 |
| CA5.3 Realizáronse as técnicas seleccionadas en función das condicións de visibilidade e de exhibición do calzado e dos complementos | • LC.4 - Evidencia do produto | S | 5 |
| CA5.4 Experimentouse con diversos materiais para mellorar os efectos artísticos | • TO.6 - Evidencia de desempeño | N | 5 |
| CA5.5 Reciclaronse materiais como recursos aplicables e sustentables | • LC.5 - Evidencia de produto | N | 5 |
| CA5.6 Obtivéronse moldes de diversos materiais para lograr volumes e texturas con vistas a os incorporar ao calzado | • LC.6 - Evidencia de produto | S | 5 |
| CA5.7 Manipuláronse e almacenáronse os produtos, tendo en conta criterios de seguridade, caducidade, orde de consumo e protección ambiental | • TO.7 - Evidencia de desempeño | S | 5 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Materiais, utensilios e ferramentas para adaptación de modelos.<br><br>Relación dos materiais e dos obxectos cos efectos solicitados.<br><br>Aplicacións dos artigos de marroquinaría no espectáculo.<br><br>Deseños e figurinos: estudo e análise.<br><br>Adaptación e transformación de debuxos.<br><br>Padróns, moldes e aplicacións segundo o deseño.<br><br>Máquinas, equipamentos, utensilios, produtos e materiais para pintar ou avellentar.<br><br>Técnicas de pintura (tinturas, pigmentos, ceras, etc.): tipos e aplicacións.<br><br>Técnicas de avellentamento: desgaste e rotura.<br><br>Probas de calidade.<br><br>Equipamentos de protección individual e normas de seguridade na decoración de materiais base.<br><br>Deseños e figurinos: estudo e análise.<br><br>Pezas ou elementos de diversos materiais tratados con distintas técnicas.<br><br>Materiais non convencionais: colas, siliconas, látex, lacas e ceras.<br><br>Pezas ou materiais para mellorar aspectos artísticos.<br><br>Reciclaxe de materiais como recursos aplicables e sustentables.<br><br>Moldes, tipos e funcións.<br><br>Almacenamento de produtos. Normas de seguridade, manipulación, caducidade, orde de consumo e protección ambiental. |

### 4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade**<br>**(título e descrición)** | **Profesorado (en termos de tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos e procedementos de avaliación** | |
| Materiais, máquinas e equipamentos utilizados na decoración e elaboración de calzado e complementos de espectáculo | • Método explicativo | • Seleccionar, preparar e aplicar materiais, utensilios, máquinas, produtos, etc necesarios para o exercicio de decoración e técnicas | • Exercicio de proceso | • Canón, aula virtual, ordenador, internet, máquinas, coitelas, tinguiduras, pinturas, ceras, etc | • LC.5 - Evidencia de produto<br>• PE.3 - Evidencia de coñecemento<br>• TO.1 - Evidencia de desempeño<br>• TO.5 - Evidencia de desempeño<br>• TO.6 - Evidencia de desempeño | 2,0 |
| Técnicas de pintura e avellentamento, | • Explicación teórico práctica. Material didáctico | • Realizar diferentes técnicas de avellentamento e de pintura sobre diferentes materiais para calzado e/ou complemento | • Mostras de acabados, texturas e cores. Artículos acabados | • Canón, aula virtual, ordenador, pinturas, ceras, cepillos, depillos de púas, lixas, tec | • LC.1 - Evidencia de produto<br>• LC.3 - Evidencia do produto<br>• TO.2 - Evidencia de desempeño<br>• TO.5 - Evidencia de desempeño<br>• TO.6 - Evidencia de desempeño | 2,0 |
| Deseño persoal. Experimentar con materiais ou diferentes efectos artísticos | • Método explicativo e material didáctico | • Realizar figurino,<br>• Exercicio práctico: aplicar técnicas según diseño | • Figurino con deseño propio, artículo representando o figurino | • Canón, aula virtual, ordenador, lápiceiros de cores, pinceis, peles, solas, pegamentos, agullas de pel, máquinas de coser, pinturas diversas, purpurinas, gomas, masiñas, plumas, etc | • LC.2 - Evidencia de produto<br>• LC.4 - Evidencia do produto<br>• LC.6 - Evidencia de produto<br>• PE.1 - Evidencia de coñecemento<br>• PE.2 - Evidencia de coñecemento<br>• PE.3 - Evidencia de coñecemento | 8,0 |
| Normas de seguridade na manipulación de produtos de acabamentos | • Método explicativo | • Recoñecer e identificar os posibles riscos na manipulación de produtos de acabamentos | • Acadar os coñecementos necesarios para identificar os diferentes riscos na manipulación de produtos de acabamentos. Almacenalos correctamente | • Canón, aula virtual, ordenador, diferentes produtos. | • LC.1 - Evidencia de produto<br>• TO.3 - Evidencia de desempeño<br>• TO.4 - Evidencia de desempeño<br>• TO.7 - Evidencia de desempeño | 2,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **14,0** |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Coñecer + Saber:

1. Os xéneros e as disciplinas escénicas do mundo do espectáculo.
2. O tipo de calzado popular ou folclórico e a relación co uso cotiá
3 Tipos de calzado e complementos empregados en teatro e noutras disciplinas
4 Os fundamentos da transformación de calzado e complementos en cada caso e tipo
5 As necesidades de adaptación por fundamentos históricos ou outros
6 Materiais, ferramentas e utensilios necesarios na transformación e adaptación de modelos
7 A evolución das formas e dos materiais dos xéneros e das disciplinas do mundo do espectáculo
8 Os complementos e o calzado para o espectáculo segundo o seu uso en cada xénero artístico.
9 Os requisitos específicos que debe cumprir o calzado para espectáculos, tal como a sonoridade e a flexibilidade.
10 Deseños e fichas de medida
11 Compoñentes e estructura para a obtención de volumes no diseño do calzado, tendo en conta a comodidade do intérprete
12 Deseño ou figurino para organizar o plan de traballo

Desempeñar + Producir:
:
1 Cálculo de materiais necesarios para elaborar ou adaptar o calzado e os complementos no uso escénico,
2 Preparación de máquinas, equipamentos, accesorios, utensilios, produtos e materiais para a transformación ou adecuación do calzado e complementos de espectáculo
3 Operacións de corte, ensamblaxe ou aparaxe a man ou a máquina
4 Técnicas de montaxe e acabamento de calzado e complementos escénicos
5 Probas e axustes, adaptación e correccións de acordo aos requisitos establecidos
6Transformación de calzado para a súa adecuación ao figurino e ao seu uso escénico
7 Comprobación da calidade dos compoñentes ensamblados, montaxe e acabado
8 Medidas de seguridade nos procedementos de corte, aparad, montaxe e acabado no calzado e complementos para o espectáculo
9 Adaptación/ transformación deseños para a súa aplicación en compoñentes
10 Padróns a partir da súa relación co debuxo do figurino ou da documentación achegada, segundo as formas do calzado ou complementos
11 Preparación máquinas, equipos, utensilios, produtos e materiais para pintar ou avellentar
12Técnicas de pintura de acordo co uso dos produtos, co figurino e coas normas de seguridade e de protección persoal e ambiental
13Avellentar materiais que conforman calzado ou complementos, adecuado ao resultado
14Medidas de seguridade nas técnicas de pintura e avellentado
15Análise do deseño do figurino para seleccionar materiais, produtos, útiles e técnicas
16 Aplicación colas, siliconas, lacas, ceras e outros materiais para acadar os efectos marcados
17 As técnicas seleccionadas en función das condicións de visibilidade e de exhibición do calzado e complementos
18 Reciclaxe de materiais como recursos aplicables e sustentables
19 Moldes de distintos materiais para lograr volumes e texturas con vistas a incorporar no calzado

20 Manipulación e almacenaxe de produtos según criterios de caducidade, seguridade, orde de consumo e protección ambiental

Parte de observación desempeño
Valoración
1 Dos efectos visuais no calzado e complementos empregados en teatro e/ ou outras disciplinas
8 Da transformación inmediata no calzado e nos complementos empregados en teatro e/ ou noutras disciplinas

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :

Ao ser un módulo progresivo e correlativo nos criterios e competencias, realizarase unha avaliación continua do progreso do alumnado e terá un carácter formativo e integrador.
Seguindo o plantexamento modular, ao longo do curso, realización de diferentes actividades no taller, no Centro Dramático Galego tal como: visita ao centro e almacén de vestiario e calzado, charla formativa co escenógrafo e figurinista, visualización de obra de teatro e traballo colaborativo: "elaboración dun calzado e/ou complemento" para a obra de teatro.
Todas estas actividades son obrigatorias e serán o groso do módulo, xa que son prácticas que abarcan tódolos puntos do módulo e coñecer, de primeira man, o mundo do espectáculo.

Nota mínima dun 5 en cada unha das avaliacións para ter superado o módulo.

-Probas escritas: 30%. O total da puntuación asignada neste apartado dividirase entre o número de exames ou probas escritas propostas en cada avaliación. Nota mínima de 5 sobre 10 para poder superar a materia.
-Prácticas no taller e entrega de traballos: 70%. O total de puntuación asignada dividirase entre os traballos e exercicios prácticos presentados.
-Entrega de traballos na data e forma proposta polo docente. De non ser así, a nota será de 0 sobre 10 e fará media co resto de traballos.
-Non se recollerán traballos fóra de data. Tampouco serán puntuados os traballos realizados fóra da aula
-A nota mínima para facer media co resto de traballos ou prácticas será de mínimo un 4 sobre 10. E ésta terá que facer media co resto de exercicios prácticos, e obter un mínimo de 5 sobre 10.

A nota final no Centro Educativo será a media das avaliacións e, como se deduce das condicións de avaliación xa anotadas, deberá ter un valor mínimo de 5 puntos sobre 10.

EMPRESA COLABORADORA

O traballo realizado na Empresa Colaboradora cualificarase en función do seguimento da responsable docente e os informes da titora.
A avaliación do traballo realizado na Empresa Colaboradora terá un peso sobre a cualificación do 12% e a avaliación dos coñecementos adquiridos no Centro un peso do 88%.

O alumnado cun seguimento desfavorable no desenvolvemento das actividades na Empresa Colaboradora, deberá facer tarefas de reforzo no Centro Educativo.

É responsabilidade do alumnado respectar as normas da Empresa Colaboradora, deberá cumprilas e non cometer faltas de (puntualidade, asistencia, comportamento...) para non incurrir en aptitude desfavorable na súa estadía formativa
Ao remate da estadía do alumno/a na Empresa Colaboradora, o seu/ a súa representante - titora valorará a formación na empresa cun APTO ou NON APTO.

O resultado final establecerase en virtude da seguinte porcentaxe:

88% DA NOTA DO CENTRO EDUCATIVO.
12% DA NOTA NA EMPRESA.

Tendo en conta sempre o seguinte:
Para aprobar cada módulo é necesario ter superadas todas as avaliacións, nota mínima de 5.
A cualificación da Empresa Colaboradora debe ser necesariamente APTO.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Durante o curso:

Ao tratarse de temas prácticos, pode darse o caso que actividades suspensas nunha avaliación, poidan ser recuperadas ao longo da seguinte sen ter que facer probas de exame: Opción de realizar tarefas e traballos prácticos no taller.

No caso de non ser así, para o alumnado que non supere o módulo deste xeito, a recuperación levarase a cabo no mes e datas estipuladas polo centro,

Esta recuperación pode ser unha proba práctica ou a entrega de un ou varios traballos, .

As actividades de recuperación e atendendo ás dificultades específicas presentadas polo alumnado e os recursos dispoñibles, se basearán no reforzo das partes non superadas e en consecuencia, realizarase unha atención individualizada segundo as circunstancias de cada alumno ou alumna.

Realizaranse probas de recuperación de tipo teórico ou práctico, segundo proceda, así como os traballos o exercicios que se consideren necesarios para a correcta e xusta avaliación dos coñecementos.

O alumnado que non supere algunha ou a totalidade das probas avaliadoras realizadas (exames, traballos ou exercicios), terá no mes de xuño a posibilidade de presentarse a unha nova proba para recuperar o módulo.

Unha vez superada a avaliación dos contidos, a nota resultante obterase aplicando as mesmas porcentaxes da avaliación ordinaria.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non está contemplada a perda do dereito de avaliación continua na FP Dual, aínda que por ser un módulo práctico, poderase propoñer ao alumnado que supere o 10% das faltas sen xustificar, unha proba extraordinaria de toda a materia para acadar o aprobado.

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Na la ORDE de 12 de julio de 2011 na que se regulan procedementos de avaliación, no seu artículo 23.5 sinala que cada departamento da Familia Profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao el de cumprimento e

unha xustificación razoada no caso de cambios. A programación será revisada ao inicio do curso e entregarase unha memoria final de curso.
No seguimento da programación teranse en conta os principais indicadores do grao do cumprimento e as conclusións do docente ante calquera continxencia ou retraso:
1. O grao de cumprimento da temporalización
2. O logro dos obxectivos programados
3. Os resultados académicos acadados
Para o seguimento mensual, utilizarase a plataforma de Programacións no seu apartado Seguimento de programación. Aquí reflectirase o grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de modificacións.
Nas reunións do Equipo Docente, informarase sobre isto e farase constar na acta.
Para a memoria final, débese utilizar o modelo proporcionado pola Xefatura de Estudos ao final do curso, nesta memoria, se reflexará o grao de cumprimento expresado en porcentaxe, e unha valoración dos resultados académico obtidos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establécense os principios, e fins do sistema educativo, destacando entre os principios que o inspiran a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Como principio que rexe esta lei, hai que atender a cada un dos alumnos e alumnas con medidas diferentes e adecuadas, atendendo á súa diversidade, co fin de axudarlles acadar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
Atendendo á ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de Formación Profesional inicial e segundo recolle no seu Artigo 28 farase unha sesión de avaliación inicial ao principio do curso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

COMO MEDIDAS ORDINARIAS, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICAREI AS SEGUINTES:

- Resposta individual aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Un seguimento individualizado de cada alumno e alumna.
- Titorías e comunicacións orientadas ao reforzo positivo
- Traballo colaborativo como metodoloxía para potenciar a inclusión respectando a diversidade.
- Programas de recuperación específicos para as materias non superadas, realizando as probas e exames necesarios para cada alumno ou alumna, co fin de alcanzar o resultado positivo na adquisición das competencias.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia; así como o respecto aos compañeiros e compañeiras, profesorado, espazos comúns, aulas, talleres e material de traballo, potenciaranse a través de diferentes actividades.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no I.E.S. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación e dotación presupuestaria.
A temporalización repartirase nos trimestres.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:
Visita a diferentes empresas e centros de espectáculo como Paula Quintás, Centro Dramático Galego
Exposición Walk this way, colección privada de calzado histórico de Stuart Weitzman na Fundación Barrié
Talleres e charlas
Visitas a empresas de calzado e marroquinería dentro e fora da CCAA
Visita a fertias téxtiles, desfiles e actos relacionados coa industria do téxtil (confección, calzado e marroquinería)

## 10.Outros apartados

### 10.1) Normas

Normas a seguir e indicacións no caso da imposibilidade de realizar clases presenciais

Nestes casos, as clases serían impartidas telemáticamente a través da plataforma Cisco Webex que pon ao noso dispor a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Xunta de Galicia. Estas clases impartiríanse nas horas lectivas e o alumnado sería informado previamente.
O material didáctico, traballos e probas faríanse a través da aula virtual do IES A Pinguela, e habería unha constante comunicación entre a titora e o alumnado a través do mesmo canal (foro, mensaxería), correo electrónico e/ou comunicación telefónica.